

DISCAPACIDADES SENSORIAIS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.



equipos orientación específicos



1. PRESENTACIÓN

A especialidade de discapacidades sensoriais do E.O.E abrangue tanto a discapacidade auditiva como a discapacidade visual, polo tanto, inclúese a presentación de ámbalas dúas. O obxectivo básico e prioritario que nos propoñemos é o de colaborar coa comunidade educativa dende unha perspectiva multidisciplinar e interinstitucional co fin de favorecer a inclusión do alumnado con discapacidade sensorial a nivel socioeducativo e polo tanto de xeito integral. E neste senso colaborar nunha resposta educativa de calidade potenciando non soamente a vista e o oído, segundo proceda, senón tamén os demais sentidos (tacto, olfacto, gusto) que contribúen igualmente a totalidade do ser humano.

2. FUNCIÓNS DO ESPECIALISTA EN DISCAPACIDADES SENSORIAIS

Tal e como se recolle no art. 2.1 da Orde do 24 de xullo de 1998, as funcións específicas a desenvolver dende esta especialidade son as seguintes:

- Potenciar as actuacións de colaboración cos/coas diferentes profesionais para actuacións conxuntas de prevención e intervención que dean a resposta axeitada ás necesidades educativas deste alumnado.
- Elaborar, se é o caso, recompilar e difundir a información necesaria para o alumnado, profesorado e familias, para facilitar a identificación e utilización das axudas técnicas e outros recursos que lle permitan ao alumnado con necesidades educativas especiais acceder ao currículo.
- Asesorar aos diferentes axentes da comunidade educativa sobre aquelas medidas que potencien ao máximo as capacidades do alumnado e faciliten a súa integración escolar e social, incidindo no desenvolvemento comunicativo e intelectual e na consecución da autonomía e equilibrio persoal.

3. INTERVENCIÓN

A intervención nos centros educativos, sempre e cando proceda, lévase a cabo de xeito directo con presenza nos propios centros e unha vez autorizada polo inspección educativa.

Unha vez no centro educativo e sempre a través da persoa orientadora ou da dirección, se é o caso, procédese ás valoracións oportunas en colaboración co profesorado implicado na atención a este alumnado con discapacidade sensorial, coas familias e outros profesionais que puideran estar incidindo no desenvolvemento socioeducativo do alumno -cando sexa preciso. Colaboración que se presta tanto en relación coa identificación das necesidades educativas especiais



deste alumnado como na proposta sobre a modalidade de escolarización máis axeitada, adecuación curricular, recursos tanto persoais como materiais que se poden precisar, etc.

No caso da discapacidade visual, coordínanse as posibles actuacións co profesorado itinerante da propia ONCE ou co profesorado da Consellería de Educación adscrito a apoio para este alumnado. É importante sinalar que a Consellería de Educación ten un Convenio coa ONCE.

4. DISCAPACIDADE AUDITIVA

4.1 CONCEPTO

Na actualidade o termo de discapacidade auditiva describe todos os tipos e graos de perda auditiva. Emprégase, por tanto, como sinónimo de deficiencia auditiva e hipoacusia e pode facer referencia tanto a unha perda auditiva leve como profunda.

Dentro da deficiencia auditiva acostúmase a diferenciar entre a hipoacusia e a xordeira profunda:

- A hipoacusia e a diminución da capacidade auditiva, unha deficiencia na que coa axuda de prótese, ou sen ela, a persoa pode desenvolverse na vida ordinaria, adquirindo a linguaxe oral pola vía auditiva, se ben, con algunhas deficiencias de articulación de palabras e estruturación de frases.
- A xordeira ou cofose é aquela que impide a adquisición da linguaxe pola vía auditiva debido á perda total da audición; a visión convértese, entón, no principal canal para a comunicación.

4.2 CAUSAS

Poden ser orixinadas por afeccións no oído externo, no oído medio, no oído interno ou por afeccións neurolóxicas.

As máis frecuentes son:

- Antecedentes familiares de hipoacusia
- Infección intrauterina: rubéola...
- Uso de fármacos ototóxicos
- Meninxite bacteriana
- Prematuridade (peso inferior a 1500 gramos)
- Síndromes que produzan hipoacusia.



4.3 POSIBLES INDICADORES DE PERDA AUDITIVA

En relación a aprendizaxe, debemos observar se o/a alumno/a se atopa en situacións tales como:

- Presenta un retraso significativo nas aprendizaxes da aula
- Amona falla de interese polas actividades que teñen maior compoñente verbal
- Ten dificultade na memorización de poemas ou cancións
- Cústalle aprender novos conceptos
- Ten dificultade en seguir e recordar as indicacións verbais do profesor
- Copia moito dos seus compañeiros ou compañeiras
- Presenta, en xeral, baixo rendemento escolar

En relación co desenvolvemento da linguaxe, tendo como referente a evolución oral dos nenos e nenas da súa mesma idade, e importante observar se:

- O ritmo de desenvolvemento da linguaxe é lento
- Utiliza estruturas moi sinxelas
- Non se lle entende ben cando fala
- Comete erros na articulación por non dispoñer de patróns fonoarticulatorios correctos (omite sílabas, substitúe unhas sílabas por outras...)
- Ten dificultades para seguir unha conversa longa
- Ten dificultades para aprender vocabulario novo
- Cústalle contar unha historia
- Ten dificultade para aprender unha lingua estranxeira.

En relación coa lectoescritura, dada a transcendencia, é necesario ter en conta as dificultades que se pode atopar o alumnado con problemas auditivos en:

- Ler e escribir algúns fonemas que non percibe claramente por audición (f, s, d, ...) e aqueles cos seus puntos de articulación non se ven facilmente (k, x, l...)
- Ler e escribir algunhas sílabas ou non ter debidamente interiorizada a súa imaxe fonolóxica
- Realizar os exercicios ao ditado
- Comprender os textos sobre todo si se utilizan estruturas máis complexas e vocabulario novo
- Responder a preguntas nas que a resposta non se atopa directamente expresada no texto.

En relación co acceso á información, debido á dificultade de acceder á información auditiva, poden darse as seguintes situacións:

- Os períodos de atención son curtos
- Non lle entreteñen as películas, nin os contos relatados por un adulto
- Non presta atención ás explicacións nin participa nas clases
- Distráese con frecuencia sobre todo cando hai barullo de fondo ou o ambiente e moi barullento
- Precisa que lle repitan as cousas
- Para oír xira sempre a cabeza cara o mesmo lado e lévase sempre o mesmo oído aos xogos sonoros, ao teléfono e á música.....
- Di moitas veces ...que?, ...eh?
- En ocasións dá respostas incorrectas a preguntas que, con seguridade, coñece
- Parece oír soamente o que quere
- Ten dificultade en responder a ordes verbais
- Confunde palabras que teñen sons semellantes (vano, pano)

En relación ao comportamento, conduta e participación; o alumnado con discapacidade auditiva pode, en ocasións, presentar problemas de conduta que terían a súa orixe nun problema de audición:

- Pódesele "etiquetar" coma movido, moi distraído, a miúdo desobediente ou mal estudante
- Pode manifestar problemas de comportamento
- Pode manifestar condutas inmaturas
- Parece lento nas súas respostas ou mesmo torpe
- Parece inseguro ou frustrado
- Pode presentar baixa autoestima
- En ocasións íllase dos/das compañeiros/as
- Non soe participar en actividades ou xogos de grupo (compartir, roldas...)
- A súa relación con outros nenos e nenas non é moi boa.

4.4 CLASIFICACIÓN

CLASIFICACIÓN DAS DISCAPACIDADES AUDITIVAS	
Segundo o ámbito de afectación	Unilateral Bilateral Simétrica Asimétrica
Segundo o grao de perda auditiva (alteracións cuantitativas)	Xordeira ou cofose Leve: 21-40 db Media: 41-70 db Severa: 71-90 db Profunda: + de 90 db
	Atendendo á intensidade En relación co estímulo sonoro 20 db: cuchicheo 40 db: fala suave 50 db: conversa normal 80 db: tráfico ruidoso 100 db: perforadora mecánica 140 db: reactor
Segundo a función auditiva afectada (alteracións cualitativas)	De transmisión ou condutiva De percepción, sensorial ou neurosensorial De orixe coclear ou periférico De orixe retrococlear ou central. Mixtas
Segundo o momento de aparición:	Prelocutivas Perilocutivas Postlocutivas
Segundo a súa etioloxía:	Prenatal Perinatal Postnatal

ESPECIALIDADE DISCAPACIDADES SENSORIAIS

4.5 DOCUMENTOS E EXPERIENCIAS

Orientación a familias:

E de salientar os signos de alerta máis significativos para detectar unha posible hipoacusia no/na bebé e no/na neno/a xordo/a Fonte: Jáudenes, C (1990): Signos de alerta en el comportamiento del bebé y del niño, en FIAPAS (VV.AA): Campaña de Detección Precoz de la Sordera. Dossier Informativo. Madrid, FIAPAS.

De 0 a 3 meses:

- Ante un son, non se observan respostas reflexas do tipo: parpadeo, axitación espertar.
- Non lle tranquiliza a voz da súa nai
- Non reacciona ó son dunha campaiña
- Emite sons monocordes

De 3 a 6 meses:

- Mantense indiferente os sons familiares
- Non se orienta cara a voz da nai
- Non responde con emisións á voz humana
- Non emite sons guturais para chamar a atención

De 6 a 9 meses:

- Non emite (pa, ma, ta)
- Non vocaliza para chamar a atención, soamente golpea obxectos que, a súa vibración ao caer, asocia coa presenza de súa nai.
- Non xoga coas súas vocalizacións, repetindo e imitando ás persoas adultas
- Non atende ao seu nome
- Non se orienta cara os sons familiares non necesariamente fortes
- Non xoga imitando xestos que acompañan a cancións infantís (os lobiños.....) ou sorrí ao recoñecelas
- Non di "adeus" coa man cando se lle di esta palabra

De 9 a 12 meses:

- Non recoñece cando lle nomean ao "papá " e á "mamá"
- Non comprende palabras familiares
- Non entende unha negación
- Non responde a "dáme" ... se non se lle fai un xesto indicativo coa man

De 12 a 18 meses :

- Non di "papá" e "mamá" con contido semántico
- Non localiza a fonte do son
- Non sinala obxectos e persoas familiares cando as nomean
- Non responde de xeito diferente a sons diferentes
- Non se entretén emitindo ou escoitando determinados sons
- Non nomea algúns obxectos familiares

De 18 a 24 meses:

- Non presta atención aos contos
- Non comprende ordes sinxelas se non se acompañan de xestos identificativos
- Non identifica partes do corpo
- Non coñece o seu nome
- Non fai frases de dúas palabras

Aos 3 anos:

- Non se lle entenden as palabras que di
- Non repite frases
- Non contesta a preguntas sinxelas

Aos 4 anos:

- Non sabe contar o que lle pasa
- Non é capaz de manter unha conversa sinxela

Aos 5 anos:

- Non conversa con outros/as nenos/as
- Non manifesta unha linguaxe madura nin a emprega eficazmente soamente o entende a súa familia

4.6 RECURSOS

BIBLIOGRAFÍA

- Acosta, V. (2006). El impacto de la diversidad en la educación de los sordos. (83-196), en Acosta, V. (Coord.). La sordera desde la diversidad cultural y lingüística. Barcelona: Masson.
- Calvo Prieto, J. C. (1999). La sordera. Un enfoque sociofamiliar. Salamanca: Amarú.
- CNSE. (2001). Lola y su familia. Guía para padres y madres de niños sordos. Madrid.
- Fiapas. (1992). Barreras de comunicación. Madrid.
- Fernández-Viader, M.P. (2002): "Cambios actuales en la respuesta educativa para los sordos una aproximación hacia modelos comprensivos". Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado, 5 (4).
- Ferrer Manchón, A.M.(2002). Las tecnologías de ayuda en la respuesta educativa del niño con discapacidad auditiva, en "Las nuevas tecnologías en la respuesta educativa a la diversidad". Coordinadores: Soto Pérez y Rodríguez Vázquez (Coord.).
- Manrique Rodríguez, C e Huarte I. (2001). Implantés cocleares. Barcelona: Masson.
- Marchesi, A. (1990). La educación del niño sordo en una escuela integradora. En Marchesi, A; Coll,C; Palacios, J: "Desarrollo psicológico y educación III". Madrid: Alianza.



- Poyuelo e outros. (Coord.) (2004). Intervención del lenguaje. Metodología y recursos educativos. Aplicaciones específicas a la deficiencia auditiva. Barcelona: Masson.
- Silvestre, N. (1998): Sordera, comunicación y aprendizaje. Barcelona: Masson
- Torres, S. e outros. (1995): Deficiencia auditiva: Aspectos psicoevolutivos y educativos. Málaga: Aljibe.
- Torres, S; Urquiza y Santana. (1999): Deficiencia auditiva (Guía para profesionales y padres). Málaga: Aljibe.
- Vázquez García. (Coord.).(2004). Guía de recursos de la deficiencia auditiva. Córdoba: ASPAS.
- Villalba, Ferrer y Asensi. (2005). La lectura en los sordos prelocutivos. Propuestas para un programa de entrenamiento. Madrid: Entha Ediciones.

PÁXINAS WEB

- www.discapnet.es/
- <http://audio.com/>
- www.cnse.es
- www.fiapas.es
- www.implantecoclear.org
- www.pnte.cfnavarra.es/creena/
- <http://aspansor.salman.org>
- www.uma.es/noc
- www.ondaeduca.com
- www.ceapat.org/

RECURSOS TÉCNICOS

Axudas técnicas de apoio persoal

- Implantes cocleares
- Implantes de tronco cerebral
- Audiófonos dixitais de altas prestacións
- Amplificadores de TV, de teléfono e sistemas de FM
- Axudas visuais e vibrotactiles

Recursos para o desenvolvemento da linguaxe

- O visualizador fonético de IBM, SPEECH VIEWER 3.0 é un programa que permite tomar conciencia do son, controlar a vocalización sostida, discriminar diferentes graos de intensidade, aumentar a definición de sílabas e diferenciar entre sons xordos e sonoros.



- O Projecte Fressa 2000, é un conxunto de aplicacións informáticas para o alumnado con discapacidade motora e auditiva. Para a auditiva destacan o visualizador GLOBUS: inclúe exercicios para a representación gráfica da presenza, ausencia e intensidade da voz, o “Discriminació de Fonemes” inclúe xogos para discriminar fonemas. O “osciloscopio”: representa o son de forma gráfica.
- Existen unha serie de programas interesantes: logopedia interactiva: consta de exercicios de estimulación e de lectoescritura, o DI: animación gráfica para diferentes tipos de sílabas, EXLER: programa de vocabulario no que se asocia a parte gráfica coa forma oral e escrita.
- Francesc Busquets desenvolveu o programa CLIC: un software gratuïto e libre que permite crear todo tipo de actividades: crebacabezas, asociacións, sopas de letras, crucigramas, actividades de texto...dispoñible en <http://www.xtec.es>. En dita web hai un banco de actividades específicas para a d. auditiva titulada: “LEO, ESCRIBO Y SIGNO” de Ana Pasies.

Axudas técnicas para a aprendizaxe da lectoescritura

- Algúns dos recursos específicos para discapacidade auditiva serían: SIGNE 2: pensado para a lingua de signos e combina cada unidade léxica do texto escrito con unha representación icónica. Admite modificacións. Localízase en www.xtec.es/cgi/programari_educatiu.
- Sistema multimedia de instrución da comprensión lectora (SIMICOLE-2002): ten como finalidade mellorar as habilidades implicadas na comprensión lectora en persoas xordas adultas. Presenta actividades de lectura estruturada en torno a 10 temas e de actividades de mellora de tipo morfosintáctico e léxico (<http://acceso.uv.es>).
- Un material que pode resultar tamén de interese é o titulado: Enséñame a hablar. Grupo Editorial Universitario, propicio para traballar a estruturación da linguaxe.

Materiais motivacionais

- La Maleta: Estímulo da comunicación escrita entre nenos xordos a través do correo electrónico
- INFOSORD: Boletín electrónico de noticias e páxina Web creados e editados por un grupo de persoas xoves con xordeira
- Guía para a eliminación das barreiras de comunicación para persoas xordas e con discapacidade auditiva / Federación de Asociacións de Xordos do País Galego. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2003.



Outros programas interactivos e aplicacións informáticas

- Xogar e ler: [Winnie Pooh y el Arbol de la Miel](#)
- Contos/Historias: [Payuta y el Dios de la Tempestad](#)
- Programa SEDEA (Onda-Educa. R/Lagasca, 4. Bajo. Zaragoza). É un programa que se pode utilizar con alumnado con implante coclear.

Escalas de observación e probas psicométricas

- Test Illinois de Aptitudes Psicolingüísticas - I.T.P.A.
- Prueba de Lenguaje Oral Navarra - PLON
- Test de vocabulario en imaxes. PEABODY e a proba de CPVT.
- Evaluación dos Procesos Lectores - PROLEC. F. Cuetos e outros. TEA. (De 1º a 4º de Primaria). Evaluación dos Procesos Lectores - PROLEC-SE. J.L. Ramos e F. Cuetos. TEA (De 5º Primaria a 4º ESO). Evaluación dos Procesos Lectores Revisada. PROLEC-R (De 1º a 6º Ed. Primaria). F. Cuetos e outros. Ed. TEA. 2007.
- Proba de percepción auditiva de Masson
- Passalong
- Cubos de Kohs
- A proba de Alexandre
- A escalas Wechesler (a parte non verbal)
- A escala LEITER-R
- Calquera outra proba que inclúa partes non verbais: Toni-2, K-BIT, RAVEN, etc.

Material para traballar a lectura

- Leer. M. Monfort e R. Higuero. CEPE.
- El lenguaje comprensivo a través de los cuentos. E. Aguilar e Mª C. Vaquero. Editorial Escuela Española.
- María la Ballena. M. Monfort e C. Marques. Entha.
- Estrategias de Comprensión Lectora. D. Gispert e L. Ribas Ed. Teide
- Lecturas comprensivas. Atención a la diversidad. J. Martínez. Grupo

Aplicacións informáticas (rehabilitación da linguaxe)

Os ordenadores están a supoñer unha axuda importante para a educación das persoas con discapacidade auditiva xa que permite incrementar a información visual, aumentar a motivación do alumnado, mellorar a competencia lingüística e realizar tarefas repetitivas de adestramento.

Na nosa Comunidade, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está subministrando aos centros que escolarizan alumnado destas características: ordenadores portátiles e/ou de sobremesa, impresoras, scanners, etc -segundo o aconselle cada caso-, sempre a través dun informe do EOE onde se aconselle este recurso e coa aprobación da Inspección Educativa do centro.



Aprendizaxe da lingua de signos, a comunicación bimodal e a palabra complementada

Destacan os dicionarios multimedia e os programas de aprendizaxe por exemplo:

- Signos 97-98:Diccionario de LSE.
- Diccionario de signos de Pinedo. CNSE.
- Bimodal 2000.
- A palabra complementada.
- ¡A signar! Federación de persoas xordas de Valencia.
- A CNSE recentemente publicou o seguinte material informatizado:
- En casa signamos
- En el cole signamos
- Guía pedagógica para la enseñanza de lengua de signos en 1º de E.Primaria
- Signando en el 1º ciclo de E.Primaria
- Diccionario normativo de la LSE. Versión 1.0. 2008
- Varios contos signados: Pipi Calzaslargas, etc.

Recursos persoais

Ademais do profesorado correspondente, e o específico de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica, se é o caso, pódese contar con unha persoa intérprete de lingua de signos naqueles casos en que sexa preciso.



5. DISCAPACIDADE VISUAL

5.1 CONCEPTO

É un termo que engloba calquera tipo de problema visual grave, xa sexa carencia ou limitación da capacidade de visión. Pódese definir igualmente como o defecto da función visual a causa das anomalías orgánicas ou anatómicas do ollo e/ou da vía óptica, é dicir do sistema visual.

5.2 CAUSAS

A cegueira ou baixa visión poden vir ocasionadas por unha gran variedade de patoloxías que afectan fundamentalmente ao ollo tales como: defectos de refracción, de mobilidade do ollo, conxénitas, dexenerativas, traumáticas ou asociadas a enfermidades sistémicas: infecciosas, autoinmunes, hereditarias, cromosómicas, vasculares, endócrinas, nutricionais...

5.3 CLASIFICACIÓN

CLASIFICACIÓN DA DISCAPACIDADE VISUAL		
Cegueira	Cegueira ou amaurosis	
	Cegueira legal	
Ambiopía = ollo vago:	Monocular Binocular	
Segundo o grao de funcionalidade (clasificación ONCE)	Cegueira total (CT) Cegueira parcial (CP): Deficiencia visual severa (DS): Non colabora (NC):	
	Variables de influencia	
	Etioloxía e prognóstico Momento de aparición Evolución do déficit Grao de funcionalidade visual Gravidade do deterioro visual	
Factores da deficiencia visual	Agudeza visual	Visión normal Visión case normal Visión subnormal Baixa visión Cegueira total
	Campo visual	
Segundo o momento de aparición	Conxénita Adquirida	

Observación: tódalas persoas cegas ou deficientes visuais con nacionalidade española poden afiliarse á ONCE sempre e cando teñan nos dous ollos polo menos unha das seguintes condicións: unha agudeza visual igual ou inferior a 0.1 (1/10 da escala de Wecker), obtida coa mellor corrección óptica posible; ou un campo visual reducido a 10 graos ou menos.

ALTERACIÓNS VISUAIS MÁIS FRECUENTES NA POBOACIÓN ESCOLAR

- Enfermidades que afectan á retina: como a acromatopsia (baixa agudeza visual e perda da percepción de un ou máis cores); dexeneración macular (perda da agudeza visual e da percepción dos cores); desprendemento da retina (visión central e periférica moi diminuída podendo chegar á ausencia de percepción da luz).
- Enfermidades que afectan ao nervio óptico: atrofia óptica (diminución substancial da agudeza visual, inmovilización e dilatación progresiva da pupila, alteracións das cores).
- Enfermidades que afectan ao cristalino: catarata (perda da transparencia do cristalino, con agudeza visual variable segundo a localización da opacidade); afoquia cirúrxica (ausencia do cristalino como consecuencia da extracción da catarata).
- Enfermidades que afectan á úvea (segunda membrana do ollo formada polo iris, a coroide e o corpo ciliar). Aquí as enfermidades máis frecuentes son: albinismo (deficiencia de pigmentos óculo-cutáneos ou soamente ocular que produce unha diminución da visión, fotofobia e nistagmos (oscilación corta, rápida e involuntaria do globo ocular), aniridia (ausencia total ou parcial do iris, a visión normalízase pola noite), glaucoma (aumento da presión intraocular).
- Enfermidades que afectan á mobilidade e refracción: miopía progresiva (estado anómalo de refracción que provoca unha imaxe á distancia imperfecta, permitindo a lectura sen gafas).

5.4 POSIBLES INDICADORES DE PERDA VISUAL

A maior parte dos alumnos e alumnas con cegueira ou con déficit visual moi grave son detectados antes de chegar á escola pola familia e polos servizos médicos. Pero podémonos atopar na clase con algúns alumnos que non foran detectados con anterioridade. Os seguintes indicadores poden ser de utilidade para sospeitar a presenza de déficit visual e a remisión ao oftalmólogo:

1-Apariencia dos ollos do alumno

- Bizqueo (cara dentro ou cara fóra) en calquera momento, especialmente ao acumular cansanzo.
- Ollos ou pálpebras arroibadas.
- Ollos acuosos.
- Pálpebras fundidas.
- Tirizós frecuentes.
- Pupilas nubradas ou moi abertas.

- Ollos en movemento constante
- Pálpebras caídas.
- Asimetría visual.

2-Queixas asociadas ao uso da visión

- Dolores de cabeza
- Náuseas u mareo
- Picor ou escozor nos ollos
- Visión borrosa en calquera momento
- Confusión de palabras ou liñas.
- Dolores oculares

3-Signos no comportamento

- Inclinar a cabeza cara adiante ao mirar cara os obxectos distantes.
- Corto espazo de tempo en actitude de atención
- Xiro de cabeza para utilizar un só ollo
- Inclinación lateral de cabeza
- Colocación da cabeza moi cerca do libro ou pupitre ao ler ou escribir; ter o material moi cerca ou moi lonxe
- Exceso de parpadeo
- Tapar ou cerrar un ollo
- Fatiga inusual ao rematar unha tarefa visual ou deterioro da lectura tras períodos prolongados
- Uso do dedo ou rotulador como guía
- Mover a cabeza en lugar dos ollos
- Choque con obxectos
- Fotofobia, é dicir, deslumbramento en interiores e/ou exteriores.
- Chiscadelas frecuentes
- Movementsos involuntarios e rítmicos dos ollos.

5.5 RECURSOS

BIBLIOGRAFÍA

- Almonacid, G,V e Carrasco Abril, M^a J. (1989). El juego en los niños ciegos y deficientes visuales. Madrid: ONCE.
- Autores varios. (1994). Deficiencia visual. Aspectos psicoevolutivos y educativos. Madrid: Trotta.
- Autores varios. (2007). Discapacidad visual y destrezas manipulativas. Madrid: ONCE.
- Arnaiz, P. y Martinez, R. (1998). Educación infantil y deficiencia visual. Madrid: ONCE.

- Aspectos evolutivos y educativos de la deficiencia visual. (1999). Vol. I. Serie Manuales. Madrid: ONCE.
- Aspectos evolutivos y educativos de la deficiencia visual. (2000). Vol.II. Serie Manuales. Madrid: ONCE.
- Barraga, N.C. (1997). Textos reunidos. Serie Guías. Madrid: ONCE.
- Caballo Escribano, C y Verdugo Alonso, M.A. (2005). Habilidades sociales. Madrid: ONCE.
- Cantavella e outros. (1992). Introducción al estudio de las estereotipias en el niño ciego. Madrid: Masson.
- Lafuente de Frutos, MªA. (2000). Atención temprana a niños con ceguera o deficiencia visual. Madrid: ONCE.
- Lola Bardisa. (1992). Cómo enseñar a los niños ciegos a dibujar. Madrid: ONCE.
- Lucerna Revuelta, R y Sanz Andrés, MªJ. (2004). Puentes invisibles. Madrid: ONCE.
- Espejo de la Fuente, B. (1993). El braille en la escuela. Madrid: ONCE.
- Miñambres, J. e outros. (1996). ¿Se pueden tocar los cuentos?. Serie estudios. Madrid: ONCE.
- FIAPAS. Manual básico de formación especializada sobre la discapacidad auditiva. Madrid.

PÁGINAS WEB

- <http://contidos.edu.xunta.es/portal>
- www.once.es/educacion
- www.discapnet.es
- www.educaweb.com
- www.juntadeandalucia.es
- <http://sid.usual.es>
- <http://audiotextos.net>
- <http://bianfacuentos.com>
- <http://www.cenice.mecd.es/enlaces/paraminos.htm>
- <http://ww.milcuentos.com/accesibletab>
- www.elmundo.es/diccionarios
- www.tiflolibros.com.ar
- <http://sapiens.ya.com/eninterevisual/biblioteca.htm>
- consultaeducativa@once.es



RECURSOS TÉCNICOS

Persoais

Ademais do profesorado correspondente e da persoa orientadora do centro, pódese contar co/coa especialista en Discapacidades Sensoriais do equipo de orientación específico de cada provincia e co profesorado itinerante con base na ONCE.

Materiais

Mobiliario escolar, equipos informáticos...

Específicos da ONCE

Persoais

O equipo da ONCE e o profesorado itinerante

Materiais

É convinte sinalar que a Consellería de Educación mantén un Convenio coa ONCE de xeito que aqueles materiais específicos directamente relacionados coa perda visual son proporcionados pola ONCE. Para consultar este material pódese facer a través da páx. Web da ONCE.